



Instrucións de aplicación do protocolo de “Medidas de aplicación á reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial”

O protocolo de “Medidas de aplicación á reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial” incorpora unha serie de medidas e requisitos para posibilitar a determinados colectivos de empregados a súa continuidade en réxime de teletraballo ou alteración do réxime presencial, mediante as distintas xustificacións de “TELETRABALLO POLO COVID”

Seguindo o indicado neste protocolo, na fase 3 deberán incorporarse presencialmente o seu posto de traballo todos os empregados que non se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:

1. O persoal que teña ao seu cargo fillos ou fillas menores de 16 anos, persoas con discapacidade ou maiores dependentes ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade que convivan no domicilio familiar e, se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores
 - a. O persoal que cumpra estas condicións poderá continuar en réxime completo de TELETRABALLO COVID ou combinado con quendas presenciais **ata tres meses posteriores ao remate da vixencia do estado de alarma**
 - b. Empregarán a xustificación “III.1. MOD. TELETRABALLO POR CONCILIACIÓN POR PECHE CENTROS POR COVID”
 - i. Deberán acompañar xunto coa xustificación en PORTAX
 1. Informe favorable do responsable do centro directivo no que presta servizos asinado.
 2. Deberán acreditar adecuadamente a concorrencia das circunstancias anteriormente indicadas e a imposibilidade de alternancia co outro proxenitor. (deberase acreditar tamén se é familia monoparental). No caso de que previamente teña sido acreditado documentalmente algunha destas circunstancias manifestarao na súa solicitude.





2. O persoal que acredite circunstancias especiais (correspóndese ó apartado terceiro das medidas)
 - a. O persoal que cumpra estas condicións poderá continuar en réxime completo de TELETRABALLO COVID ou combinado con quendas presenciais **polo prazo máximo de ata tres meses posteriores ao remate da vixencia do estado de alarma.**
 - b. Empregarán a xustificación “V.1. MOD. DE TELETRABALLO COVID CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS”
 - i. Deberán acompañar xunto coa xustificación en PORTAX
 1. Informe favorable do responsable do centro directivo no que presta servizos asinado.
 2. Deberán acreditar adecuadamente a concorrencia destas circunstancias especiais
3. O resto do persoal que ten concedida a modalidade de teletraballo polo Covid, sempre que as necesidades do servizo o permitan
 - a. O persoal que cumpra estas condicións poderá continuar en réxime completo de TELETRABALLO COVID ou combinado ou non con quendas presenciais sempre que as necesidades do servizo o permitan **durante a terceira fase e na súa prórroga se a houbese**
 - b. Empregarán a xustificación “IV.1. MODALIDADE DE TELETRABALLO POLO COVID”
 - i. Deberán acompañar xunto coa xustificación en PORTAX
 1. Informe favorable do responsable do centro directivo no que presta servizos asinado.

Adicionalmente o persoal empregado público que con anterioridade ao estado de alarma estivera autorizado a teletraballar (atendendo á instrución conxunta do ano 2013) continuará disfrutando desde réxime os días que se lle concedera na autorización. No caso de que lle amplíe o número de días de teletraballo polo COVID deberán xustificalo coa solicitude adecuada segundo as súas características.

